TIC .- TECNOLOXÍAS DA INFORMACION E DA COMUNICACIÓN

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DE 1º BACHARELATO.

ESTÁNDARES AVALIABLES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:

Estándares de aprendizaxe avaliable

Segundo o RD 1105/2014, no seu artigo 2, define os estándares de aprendizaxe avaliables como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas comparables.

O Artigo 13 da Resolución do 27 de xullo de 2015 establece que as programacións didácticas deberán concretar, para cada estándar de aprendizaxe, a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e o procedemento e os instrumentos de avaliación.

Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

Temporalización, ponderación e instrumentos de avaliación dos estándares do curso 1º Bacharelato

CURSO	**TIC I**		
NIVEL	**1º Bacharelato**	**AREA**	**Tecnoloxías da información e comunicación.- TIC (I)**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (24)	Mínimos exigidos	T1	T2	T3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación	C. C
Bloque 1. A sociedade da información e o computador							
B1.1. Analizar e valorar as influencias das tecnoloxías da información e da comunicación na transformación da sociedade actual, tanto nos ámbitos da adquisición do coñecemento como nos da produción.	TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento. **(3 %)**	Distingue entre sociedade da información e sociedade do coñecemento.	**X**			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CCL CSC
	TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación. **(2 %)**	Entende a importancia das TICS na xeración de novos postos de traballo. Entende a súa importancia para ter acceso ao mercado laboral.	**X**			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CSIEE CSC

Bloque 2. Arquitectura de computadores							
B2.1. Configurar computadores e equipamentos informáticos identificando os subsistemas que os compoñen e relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características.	TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento. **(2 %)**	Coñece o hardware dun ordenador		**X**		. PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
	TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema. **(2 %)**	Explica empregando un diagrama de bloques o funcionamento dun ordenador e entende a contribución de cada bloque ao funcionamento ido sistema.		**X**		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva . Portfolio.	CD CMC CT CCL
	TIC1B2.1.3. Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información. **(5 %)**	Coñece os sitemas de almacenamento de información masivos..		**X**		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
	TIC1B2.1.4. Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto. **(5 %)**	Describe os distintos tipos de memorias: ROM, RAM , caché,.. e a súa contribución ao rendemento do conxunto.		**X**		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
B2.2. Instalar e utilizar software de propósito xeral e de aplicación, e avaliar as súas características e os contornos de aplicación.	TIC1B2.2.1. Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función. **(5 %)**	Entende a estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función.		**X**		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT
	TIC1B2.2.2. Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica. **(1 %)**	Instala sistemas operativos ou programas de aplicación en PC, seguindo instrucións do proveedor.		**X**		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.	CD CMC CT CAA

Bloque 3. Software para sistemas informáticos							
B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.	TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes. **(5 %)**	Elabora e extrae información de bases de datos sinxelas realizando consultas, formularios e informes.	**X**			PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos alumnos/as. Probas específicas INSTRUMENTOS: Portfolio. Proba obxectiva	CD CMC CT CAA CSIE E CCEC
	TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario. **(10 %)**	Adquire un dominio razoable do procesador de textos,.elaborando documentos que integren texto e imaxes, taboas, gráficos....	**X**			PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos alumnos/as. Probas específicas INSTRUMENTOS: Portfolio. Proba obxectiva	CD CMC CT CCL CAA CSIE E CSC CCEC
	TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina. **(10 %)**	Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina. Adquire un dominio razoable do manexo das presentacións, .elaborando presentacións que integren texto e imaxes, taboas, gráficos e elementos multimedia		**X**		PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos alumnos/as. Probas específicas INSTRUMENTOS: Portfolio. Proba obxectiva	CD CMC CT CCL CAA CSIE E CSC CCEC
	TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos. **(10 %)**	Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.	**X**			PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos alumnos/as. Probas específicas INSTRUMENTOS: Portfolio. Proba obxectiva	CD CMC CT CAA CSIE E CCEC
	TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas. **(5 %)**	Deseña elementos gráficos sinxelos en 2D e 3D .		**X**		PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos alumnos/as. Probas específicas INSTRUMENTOS: Portfolio. Proba obxectiva	CD CMC CT CCL CAA CSIE E CSC CCEC
	TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e	Emprega programas de edicion de elementos multimedia para realizar		**X**		PROCEDEMENTOS:. Análise da produción dos	CD CMC CT

	imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia. (5 %)	pequenas películas integrando son, imaxes e vídeo.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio.	CCL CAA CSIE E CSC CCEC
Bloque 4. Redes de computadores							
B 4.1. Analizar as principais topoloxías utilizadas no deseño de redes de computadores, relacionándoas coa área de aplicación e coas tecnoloxías empregadas.	TIC1B4.1.1. Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible. (3 %)	Propón a configuracion dunha pequena rede local			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CAA CSIE E
B4.2. Analizar a función dos equipos de conexión que permiten realizar configuracións de redes e a súa interconexión con redes de área extensa.	TIC1B4.2.1. Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos. (3 %)	Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos: coaxial, pares trenzados, fibra óptica,..			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
	TIC1B4.2.2. Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes. (3 %)	Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e wireless.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
	TIC1B4.2.3. Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais. (3 %)	Explica a funcionalidade dos distintos elementos que configuran las redes de datos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
B4.3. Describir os niveis do modelo OSI, relacionándoos coas súas funcións nunha rede informática.	TIC1B4.3.1. Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipamentos remotos. (3 %)	Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipamentos remotos.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CD CMC CT CCL
Bloque 5. Programación							
B5.1. Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos.	TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo. (3 %)	Propón algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos. Elabora os correspondentes diagramas de fluxo.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba	CD CMC CT CAA CSIE E

						obxectiva . Portfolio	
B5.2. Analizar e resolver problemas de tratamento de información, dividíndoos en subproblemas e definindo algoritmos que os resolven.	TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas. (3 %)	Escribe programas que impliquen a división dun problema en partes máis pequenas.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva . Portfolio	CD CMCCT CAA CSIEE
B5.3. Analizar a estrutura de programas informáticos, identificando e relacionando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada.	TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. (3 %)	Elabora un pequeno programa escrito en pseudocódigo.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva . Portfolio.	CD CMCCT CAA CSIEE
B5.4. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións básicas dunha linguaxe de programación.	TIC1B5.4.1. Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada. (3 %)	Recoñece a sintaxe dunha linguaxe de programación..			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva . Portfolio.	CD CMCCT CCL
B5.5. Realizar pequenos programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicalos á solución de problemas reais.	TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real. (3 %)	Realiza programas de aplicación moi sinxelos en algunha linguaxe, que solucione un problema plantexado..			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise da produción dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva . Portfolio.	CD CMCCT CAA CSIEE CSC CCEC

A adquisición dos estándares indicase segundo o tipo de escala:

0 - 2	**Inadecuado**	**Non presenta o instrumento de avaliación, entrega en branco a tarefa avaliable ou a tarefa non conta con ningún dos elementos fundamentais do indicador establecido**
3 - 4	**Insuficiente**	**Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.**
5 - 6	**Básico**	**Acada o cumprimento suficiente do indicador establecido.**
7- 8	**Competente**	**Evidéncianse prácticas sólidas. Evidencia clara de competencia e dominio técnico no indicador establecido**
9 - 10	**Excelente**	**Evidéncianse prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas**

7.1 Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

7.2 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais
Para realizar a avaliación parcial tomaranse como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, segundo a temporalización establecida no apartado 4 desta programación. . Os procedementos e instrumentos de avaliación de cada trimestre figuran no apartado 4. Como norma xeral –e sen prexuízo de que o desenvolvemento da programación de aula aconselle introducir modificacións- realizaranse dúas probas escritas que, xunto cos traballos de clase propostos, as probas orais eas rubricas, suporán as evidencias nas que se fundamenta a avaliación. **A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 1 a 10), en virtude dos indicadores de logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2.**
Avaliación final
A avaliación final tomará como referencia os criterios do currículo, especificados nos estándares de aprendizaxe, e os instrumentos de avaliación das avaliacións parciais. A adquisición de cada estándar graduarase de acordo coa escala establecida (de 1 a 10), en virtude dos indicadores de logro establecidos ao efecto. A cualificación establecerase segundo os criterios especificados no apartado 7.2. **Para o alumnado que non acade unha cualificación de aprobado como resultado da avaliación global das probas parciais, poderá elaborarse unha proba escrita final na que se dea conta dos estándares básicos.**
Avaliación extraordinaria
Para o alumnado que non acade a cualificación de aprobado na avaliación final, programarase unha proba escrita extraordinaria na que se dea conta dos estándares básicos.

7.3 Criterios de cualificación

A cualificación das **avaliacións parciais** establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares avaliables. Cada alumno irá acumulando a nota de todos os estándares avaliación por avaliación, de maneira que a nota corresponde a nota de todos os estándares avaliados ata ese momento. Debese acadar unha puntuación mínima de 5 para aprobar.

A cualificación da **avaliación final** establécese en relación co grao de logro e a ponderación de cada un dos estándares do curso. A final de curso farase un exáme para os alumnos que non aprobaron a materia e examinarase dos estándares (maioritariamente daqueles considerados coma básicos), debendo acadar unha calificación mínima de 5 no conxunto dos estándares para aprobar.

Teñen a consideración de estándares básicos aqueles que posúen un peso superior ao 3% , e serán non básicos aqueles cun peso inferior ao 3%, no curso considerado. Estándares parecidos poden ter distinto peso nos distintos cursos por ser obxectivo prioritario nese curso en non nos outros niveis.

Si por falla de tempo ou outra causa no fose posible impartir toda a materia a nota dos estándares non avaliados pasa a ser absorbida polos outros estándares favorecendo especialmente a aqueles de maior peso.

A nota en cada momento do curso, incluídas as avaliacións, calcularase facendo a media ponderada de todos os estándares avaliados ata ese momento (ainda que o foran nunha avaliación anterior). Dado que a escala nos documentos oficiais é ata 10 usarase a seguinte fórmula:

$$NOTA = \frac{suma_ponderada_dos_estándares_ata_o_momento}{máxima_cualificación_posible_ata_o_momento} \bullet 10$$

As probas escritas finais e extraordinarias cualificaranse cun máximo de 10 puntos.

7.4 Criterios de promoción

Criterios de promoción
O alumno aproba a materia no momento en que acada o aprobado, é dicir,conta cunha cualificación mínima de 5 puntos no conxunto de estándares avaliados